

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

11983 *Real decreto 894/2017, do 6 de outubro, polo que se modifica a denominación do Centro de Ensino de Helicópteros e se modifica o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

O artigo 50.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que o ensino de formación dos oficiais se impartirá na Academia Xeral Militar, na Escola Naval Militar, na Academia Xeral do Aire e nas demais academias militares que determine o Goberno, por proposta do ministro de Defensa.

No punto 2 da disposición adicional segunda do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, indícase que a formación militar xeral e específica para incorporarse á escala de oficiais do corpo xeral do Exército de Terra se poderá completar nos seguintes centros docentes militares: Academia de Infantaría, Academia de Cabalaría, Academia de Artillaría e Academia de Enxeñeiros.

Mediante o Real decreto 595/2016, do 2 de decembro, modifícase o Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 711/2010, do 28 de maio, creando, no seu artigo 5, a especialidade fundamental de «Aviación do Exército de Terra» na escala de oficiais e, no artigo 6.h), cambiando a denominación da especialidade fundamental de «Helicópteros» a «Aviación do Exército de Terra» na escala de suboficiais, ambas as dúas especialidades fundamentais do corpo xeral do Exército de Terra.

Por todo iso, preténdese adecuar a denominación do Centro de Ensino de Helicópteros á creación da nova especialidade fundamental de Aviación do Exército de Terra, así como, para dar cumprimento ao artigo 50.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, que figure no Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, a Academia de Aviación do Exército de Terra como novo centro de formación onde impartir a formación militar xeral e específica para incorporarse á escala de oficiais do corpo xeral do Exército de Terra.

Durante a súa tramitación, as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiron informe sobre o proxecto deste real decreto, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe sobre el o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Cambio de denominación do Centro de Ensino de Helicópteros.*

1. Para adecuar a denominación do Centro de Ensino de Helicópteros (Cefamet) á nova especialidade fundamental de Aviación do Exército de Terra, á finalidade do ensino e ao obxecto do coñecemento que imparte, este centro docente militar pasará a denominarse Academia de Aviación do Exército de Terra.

2. A Academia de Aviación do Exército de Terra, ademais de manter as funcións do actual Centro de Ensino de Helicópteros (Cefamet), impartirá o ensino de formación da

especialidade fundamental Aviación do Exército de Terra, do corpo xeral do Exército de Terra, tanto para a escala de oficiais como de suboficiais, así como o ensino de perfeccionamento do campo de actividade das Forzas Aeromóbiles e os sistemas aéreos non tripulados do Exército de Terra.

3. As normas sobre organización e funcións, réxime interior e programación da Academia de Aviación do Exército de Terra axustaranse ao disposto na Orde DEF/85/2017, do 1 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre organización e funcións, réxime interior e programación dos centros docentes militares.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

O punto 2 da disposición adicional primeira do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, queda redactado como segue:

«2. A formación militar xeral e específica para incorporarse á escala de oficiais do corpo xeral do Exército de Terra poderase completar nos seguintes centros docentes militares de formación:

- a) Academia de Infantaría.
- b) Academia de Cabalaría.
- c) Academia de Artillaría.
- d) Academia de Enxeñeiros.
- e) Academia de Aviación do Exército de Terra.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARÍA DOLORES DE COSPEDAL GARCÍA